



**BASES DA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO ANO 2012 DO
PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA DO PERSOAL ESTATUTARIO
FIXO DAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO,
SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E
SERVIZOS DO CHUAC:**

A Disposición adicional quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que "Con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organizacións sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema Nacional de Saúde, a permanencia na institución, a experiencia profesional en áreas específicas, a formación continuada e a docencia".

Con data 23 de Decembro de 2009 firmase a acta de aprobación das bases do procedementos de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos, onde se establece que "a convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área" engadindo ademais que "a convocatoria contará, como mínimo, de unhas bases, a relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional, e o modelo normalizado de solicitude".

A mobilidade interna do persoal realizarase conforme aos principios e criterios de ordenación do réxime estatutario contemplados polo artigo 4 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde.

O 29 de xullo de 2010 asináronse as bases para o proceso de mobilidade interna ofertado no ano 2010 no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, entre a Xerencia e os sindicatos CC.OO., CEMSATSE, SAE e UXT.

Tras resolverse o primeiro proceso ofertado segundo as bases pactadas e transcorridos case dous anos dende entón, observáronse algunhas carencias ou disfuncións no articulado das mesmas, que despois das negociacións no seo da Comisión Paritaria constituída ao efecto, dan lugar as seguintes estipulacións que rexerán o proceso de mobilidade interna no CHUAC para o ano 2012:

Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



PRIMEIRA: NORMAS XERAIS

1.- Convócase mobilidade interna para o persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario (diplomado e de formación profesional) e de xestión e servizos (persoal de formación profesional ou de titulación equivalente ou inferior).

2.- O concurso de mobilidade interna incluírá, con carácter xeral, todos os postos vacantes existentes no centro en cada categoría. Malia o anterior, nos casos especificamente xustificados o logo da negociación coa Comisión de Centro, poderase excluír con carácter temporal a provisión de determinados postos correspondentes a áreas específicas ou que requiran singulares niveis de cualificación; ou ben caberá incluír os ditos postos no proceso de mobilidade, valorando como méritos adicionais a experiencia e a formación relacionadas co específico ámbito funcional daqueles.

O número de prazas que se convoca faranse públicas antes do un de outubro no Anexo correspondente, tendo en conta que a estimación de vacantes a convocar está referida ás vacantes existentes ate o 31 de maio de 2012.

3.- Inclúese a provisión de determinados postos correspondentes ás categorías de Enfermería en áreas específicas ou que requiran singulares niveis de cualificación valorando como méritos adicionais a experiencia e a formación relacionadas co específico ámbito funcional daquelas, segundo o establecido no parágrafo 3º dos criterios reitores regulados no Acordo de 23 de decembro de 2009.

As áreas específicas en son as seguintes: UCI-reanimación, quirófanos, hemodiálise, UCI-pediatría, queimados e prematuros.

Para TCAE ademais configúrase como área específica a de saúde mental.

Será requisito para optar ás prazas de Diplomado Sanitario da área de saúde mental a posesión do título da especialidade correspondente.

4.- Enténdese por mobilidade interna o procedemento de provisión polo que o traballador voluntariamente participa co fin de acadar a adscrición definitiva a un destino/posto dentro da súa categoría e ámbito de nomeamento.

5.- A convocatoria do proceso de mobilidade interna será cando menos bienal.

SEGUNDA: ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.- Poderá acceder ao procedemento de mobilidade interna regulado consonte as presentes bases, nos termos e condicións previstos nelas, o persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario

Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



(diplomado e de formación profesional) e de xestión e servizos (persoal de formación profesional ou de titulación equivalente ou inferior) para a adxudicación dos destinos solicitados voluntariamente nas prazas básicas do CHUAC.

2.- Quedan excluídos os postos de carácter directivo así como os postos de xefatura e coordinación, dos que a súa provisión ven establecida no Decreto 206/2005 e na Orde do 24 de maio de 2006.

TERCEIRA: REQUISITOS E CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

1.- Serán requisitos para poder participar neste procedemento os seguintes:

- a) Ter acadado a condición de persoal fixo con destino definitivo no CHUAC na correspondente categoría, cando menos, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación.
- b) Estar en situación de activo ou asimilada na correspondente categoría (con reserva de praza no CHUAC).
- c) Quen obtivese o seu posto de traballo actual no anterior proceso de traslados internos, non poderá participar nun novo procedemento de mobilidade interna se non transcorreu, como mínimo, un ano desde a resolución de aquel. A estes efectos, o proceso convocado no ano 2010 resolveuse na súa totalidade con efectos de 31 de maio de 2011

2.- Non poderán participar nos procedementos de mobilidade interna:

- a) O persoal que ocupe praza ou posto de traballo en comisión de servizos procedente de outra Institución Sanitaria.
- b) O persoal que se atope en comisión de servizos de carácter voluntario en outra Institución.
- c) O persoal en situación de reingreso provisional.

CUARTA: SOLICITUDES

1.- As solicitudes formularanse no modelo normalizado contido no Anexo I. Poderán solicitarse cada unha das áreas específicas descritas. As solicitudes dirixiranse á Xerencia e presentaranse no Rexistro do CHUAC en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou segundo o establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

2.- O prazo de presentación de instancias será comezará ao día seguinte de publicación do anuncio de apertura deste proceso no DOG e estenderase ata o 30 de setembro. Dito prazo poderá ampliarse de xeito excepcional segundo as circunstancias temporais da convocatoria.

Complejo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



3.- Xuntarase á solicitude os documentos que acrediten os méritos alegados polos aspirantes. Non se terán en conta os méritos non aportados ou aqueles nos que non se xunte a pertinente documentación acreditativa. A antigüidade nas institucións sanitarias públicas acreditarase mediante a presentación da certificación dos servizos prestados, expedida polos órganos competentes do centro ou institución na/s que se teña/n prestados servizos ou mediante copia das certificacións obtidas do FIDES. Exceptúase da obriga de presentación como mérito, o certificado de servizos desenvolvidos no ámbito do CHUAC. Serán excluídas as persoas cuxas solicitudes estean cumprimentadas de xeito equívoco ou incompleto.

4.- Avaliación das solicitudes: Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio indicativo da convocatoria.

Formación continuada: Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que optan. Non se valorarán os cursos cunha antigüidade superior aos cinco anos contados dende a data de formalización da convocatoria de mobilidade interna, agás a formación universitaria posgraduada á que non se lle aplicará a dita limitación.

Os cursos de prevención de riscos laborais e de informática valoraranse en todas as categorías e non se lles aplicará limitación temporal en canto a súa validez.

Os cursos, para que podan ser valorados, deberán especificar os créditos/horas de duración, o seu contido, a data de realización e o órgano que o imparte.

Cada curso con igual duración e programa será valorado unha soa vez, con independencia de que sexa impartido en varias localidades ou anos de edición.

Docencia: só se valorará a docencia impartida nos últimos cinco anos contados dende a data de formalización da convocatoria de mobilidade interna.

5.- As solicitudes terán a consideración de documento público.

QUINTA.- DESENVOLVEMENTO E RESOLUCIÓN DO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA

1.- Logo da finalización do prazo de presentación de solicitudes, e trala avaliación destas, a Comisión de traslados internos outorgará un prazo de

Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



cinco días hábiles para que as persoas interesadas emenden os erros detectados nas súas solicitudes.

2.- Tralo anterior, a Dirección do CHUAC, a proposta da Comisión de Traslados Internos, ditará resolución provisional no prazo de 3 meses a contar dende o día seguinte á finalización da presentación de instancias, que incluírá as listaxes das persoas admitidas á convocatoria segundo a súa orde de prelación así como as persoas excluídas indicando, neste caso, a causa de exclusión. A devandita resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Servizo de Persoal, na web do CHUAC, abríndose un prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante o devandito órgano.

O lugar e horario para a presentación das reclamacións será o mesmo que o establecido para a presentación das solicitudes.

3.- Unha vez rematado o período de reclamacións, e no prazo de 1 mes contado a partires do día seguinte ao da finalización do prazo para presentar reclamacións, a Dirección do CHUAC, a proposta da Comisión de Traslados Internos, ditará resolución definitiva pola que se entenderán estimadas ou desestimadas, segundo o caso, e de forma implícita na publicación da resolución definitiva, as reclamacións presentadas.

4.- Chamamento: logo do anterior, os aspirantes serán chamados por rigorosa orde de puntuación en poxa única por cada categoría, para escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción. A puntuación adicional soamente se terá en conta para a elección correspondente a áreas específicas.

Unha vez efectuada a adxudicación da praza, os postos adxudicados serán irrenunciabiles. A incorporación efectiva á mesma é obrigatoria.

5.- Rematada a fase de elección de destinos, a Dirección do CHUAC publicará no taboleiro de anuncios do Servizo de Persoal, na web do CHUAC a resolución pola que se declare rematado o proceso de mobilidade interna, facendo públicos os destinos adxudicados.

Contra a devandita resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ao da súa publicación.

6.- Criterios de desempate: naqueles casos nos que se produza empate na puntuación total entre varias persoas aspirantes a unha mesma praza ou posto, os criterios de desempate, pola súa orde, serán os seguintes:

a) O profesional que acredite máis puntuación no concepto de servizos prestados na propia institución sanitaria.

**Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña**

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña

5
1000



b) O profesional que acredite máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, e na categoría á que opta.

c) Atendendo á data da toma de posesión da praza en propiedade na categoría profesional á que opta.

d) O profesional de maior idade.

7.- Incorporación aos postos adxudicados: co fin de evitar trastornos nos distintos servizos do centro, a incorporación dos adxudicatarios aos seus destinos será realizada pola Dirección correspondente de xeito progresivo no tempo e nun prazo non superior aos catro meses dende a data da resolución definitiva. A todo o persoal computaráselle para os efectos de antigüidade no Servizo, dende o día seguinte ao da data de publicación da resolución definitiva.

SEXTA.- COMISIÓN DE TRASLADOS INTERNOS

1.- Constituirase unha Comisión central de Traslados Internos, responsable da interpretación dos termos da convocatoria, de carácter paritario, na que poderá estar presente un membro de cada organización sindical integrante da Comisión de Centro.

Constituirase unha Comisión técnica por cada unha das categorías para levar a cabo a baremación das solicitudes.

2.- As devanditas comisións terán as seguintes funcións:

- a) A avaliación das solicitudes presentadas.
- b) A valoración dos méritos.
- c) A elaboración da proposta de resolución.

3.- Tódolos membros das comisións terán voz e voto (poderase delegar o voto por escrito, expresando o carácter e ámbito da delegación: voz, voto ou ambos); os acordos serán adoptados pola maioría simple dos membros presentes, sendo necesaria a presenza das 3/5 partes dos seus membros para a súa constitución. O presidente terá voto de calidade no suposto de se producir empate na adopción de decisións.

A Presidencia e a Secretaría das devanditas comisións será exercida por algún dos representantes da administración.

Será incompatible a participación no proceso de mobilidade interna coa representación na Comisión técnica da categoría á que se opte.

Todo o anterior, segundo o establecido polo artigo 22 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



SÉTIMA.- PERDA DO POSTO ADXUDICADO NO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA

A praza ou posto adxudicado no proceso de mobilidade interna perderase polas seguintes causas:

- a) Por obter destino definitivo noutra Unidade da Institución.
- b) Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na Entidade mentres se permanece na nova situación.
- c) Por ser destinado en comisión de servizos fóra do CHUAC durante un período superior a seis meses.
- d) Por reestruturación de postos na Unidade.
- e) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez transcorridos un máximo de tres meses desde a súa incorporación material e efectiva á Unidade e logo do informe emitido polo responsable da área correspondente. Neste suposto, logo de ser oída a persoa interesada e tras a pertinente reunión da comisión de traslados internos, procederase a revogar a súa adxudicación.
- f) Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria.

Reservarase a praza ou posto adxudicado no proceso de mobilidade interna, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación (segundo os supostos establecidos no Decreto 206/2005), liberación sindical, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente tal reserva de posto.

OITAVA.- CRITERIOS DE SAÍDA / REESTRUTURACIÓN DE UNIDADE

Cando, por reestruturación dunha Unidade ou no caso de prazas ocupadas temporalmente por un profesional que non teña reserva consonte a normativa vixente, sexa necesaria a redución ou saída de persoal, seguiranse os seguintes criterios:

- A) Voluntariedade
- B) Eventualidade
- C) Persoal interino
- D) Comisións de servizo
- E) Reingresso provisorio
- F) Promoción interna
- G) Persoal fixo acoplado

**Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña**

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



H) Persoal fixo da Unidade (antigüidade como propietario na Unidade dende a adxudicación, antigüidade como propietario no CHUAC, antigüidade como propietario no SNS, eventualidade; e maior idade).

Ao Persoal fixo na Unidade afectado pola reestruturación ofertaráselle unha praza vacante do Complexo coas mesmas condicións da que viña desempeñando (tomando como condición o tipo de quenda, rotatoria ou fixa, que tivera a praza de onde tivo que saír). A praza adxudicada terá o carácter de definitivo, conservando a antigüidade que ostentaba na praza reestruturada.

NOVENA.- MOBILIDADE POR MOTIVO DE SAÚDE

Todo aquel persoal que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, veña desenvolvendo as súas funcións, por motivos de saúde, nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de mobilidade interna solicitando a correspondente praza ou posto de traballo que vén desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde de 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

A persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da correspondente UPRL, adxudicaráselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consonte ao procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde regulamentado na Orde do 16 de setembro de 2008.

DÉCIMA.- MOBILIDADE EN ÁREA DETERMINADA

Articularanse procesos de acoplamento en postos pertencentes a áreas determinadas, entre o persoal propietario na Área ou Unidade. Tales procesos serán previos ao proceso de mobilidade interna xeral e consensuados coa Comisión de traslados internos. O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Unidade ou Área, sendo de aplicación, no caso de empate, o baremo xeral contido nestas Bases.

Na actualidade están definidas como Áreas as seguintes:

Cardioloxía, Pneumoloxía, Bloque Cirúrxico do Hospital A Coruña, Dixestivo, Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Logopedia, Laboratorios.

Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



CLÁUSULA ADICIONAL:

Con carácter excepcional e tendo en conta as circunstancias concorrentes, non se ofertaran as prazas que foron adxudicadas na convocatoria de prazas de saúde laboral de abril de 2007 coas seguintes condicións:

- 1.- Prazas que están desempeñadas con carácter regular, polo persoal adxudicatario.
- 2.- Desas, aquelas que a UPRL considere adecuadas á patoloxía do traballador que a ocupa.

NORMA DERRADEIRA

Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, á Comisión de Traslados Internos, e aos que participen no procedemento de mobilidade interna.

Contra a presente resolución que, non pon fin á vía administrativa consonte o artigo 4 da Lei 6/2001, de 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do SERGAS no prazo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992 citada.

O DIRECTOR XERENTE

Asdo.: Alfredo García Iglesias

A DIRECCIÓN DE RR.HH.

UXT

SAE

CSIF

CESM-OMEGA

A Coruña, 13 de xullo de 2012

A DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA

CC.OO.

SATSE

CIG





ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

D./Dña.....

Categoría:

Servizo/Unidade:

.....

SOLICITA

A participación no Procedemento de Mobilidade Interna no ámbito do CHUAC, convocado pola Xerencia de Xestión Integrada da Coruña mediante Resolución de 13 de xullo de 2012 para o que acompaño a documentación correspondente.

☐ Ocupa praza de saúde laboral.

☐ Procedemento Xeral.

☐ Valoración da Área Específica

1.....

2.....

3.....

4.....

5.-.....

A Coruña..... de de 2012

Asdo. :

XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA

**Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña**



ANEXO II: BAREMO

BAREMO PARA O PROCEDEMENTO XERAL:

I. Experiencia Profesional:

I.A. Antigüidade nas institucións sanitarias públicas será avaliada do seguinte xeito:

a) Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 1 punto.

b) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta: 0'5 puntos.

Os servizos prestados en promoción interna temporal puntuaranse para os efectos da mobilidade interna na praza básica ou de orixe. No suposto de que o profesional acadase a súa praza como persoal propietario nunha categoría na que, con anterioridade, tivese prestado servizos en promoción interna temporal, estes servizos serán puntuados de acordo co seu carácter temporal, para a mobilidade interna na nova categoría.

I.B. Permanencia na Institución: os aspirantes acadarán unha puntuación adicional polos servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria, na mesma categoría á que se opta, puntuándose unicamente ata un máximo de tempo de cinco anos, a razón de 0'25 puntos por mes.

Os meses serán computados por días naturais, procedendo á división do total de días, resultantes dos servizos prestados, entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada apartado será o cociente enteiro, despregándose os decimais.

II. Formación Continuada e Docencia:

II.A. Formación Continuada: puntuarase a asistencia debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

b) Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



c) Cursos de formación continua realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións Públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institución, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren nel. Un crédito é igual a 10 horas de formación.

Por crédito: 1,5 punto.

Por hora: 0,15 puntos.

II.B. Docencia: valorarase a actividade docente consistente na impartición dos seguintes:

a) Os Cursos sinalados no parágrafo II.A con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos ditos cursos, sempre que estes cumpran os requisitos citados. A puntuación será a seguinte:

Por crédito: 3 puntos.

Por hora: 0,3 puntos.

b) A docencia para a obtención de títulos oficiais será valorada por meses segundo a seguinte puntuación: 0'2 puntos por mes.

A puntuación máxima conxunta polas epígrafes de formación continuada e docencia non poderá exceder de 24 puntos.

III. Coñecementos da lingua galega:

III.A. Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 3 puntos.

III.B. Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 6 puntos.

Para os efectos da valoración desta epígrafe, os cursos do CELGA 2 equipáranse ao curso de iniciación e os cursos do CELGA 4 equipáranse ao de perfeccionamento de conformidade co disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.

A acreditación do curso de perfeccionamento de lingua galega excluírá a valoración do curso de iniciación. En idéntica correspondencia, a presentación dos cursos de CELGA 4 excluírá a puntuación dos cursos do CELGA 2.

**Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña**

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



BAREMO PARA A VALORACIÓN ADICIONAL DAS ÁREAS ESPECÍFICAS:

O baremo a empregar no procedemento das áreas específicas será, con carácter xeral, o mesmo que o empregado para o procedemento xeral.

Sen prexuízo do anterior, os aspirantes ás áreas específicas acadarán unha puntuación adicional polo seguinte:

I. Experiencia Profesional:

Polos servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria, na mesma categoría e área específica á que se opta: 0'25 puntos por mes.

Polos servizos prestados como persoal temporal na mesma institución sanitaria, na mesma categoría e área específica á que se opta: 0'12 puntos por mes.

Deberá ser acreditada esta experiencia profesional adicional en áreas específicas mediante certificación especial de área específica.

II. Formación Continuada:

II.A. A formación relacionada coas áreas específicas será valorada con unha puntuación adicional de:

Por crédito: 0,4 puntos.

Por hora: 0,04 puntos.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que optan. Non se valorarán os cursos cunha antigüidade superior aos cinco anos contados dende a data de formalización da convocatoria de mobilidade interna, agás a formación universitaria posgraduada á que non se lle aplicará a dita limitación.

A puntuación máxima en formación e experiencia en áreas específicas será de 5 puntos.

Complejo Hospitalario Universitario
A Coruña



ANUNCIO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MOBILIDADE INTERNA PARA OCUPAR VACANTES CORRESPONDENTE AO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO DAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO, SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS NO CHUAC

XULLO 2012

De conformidade co establecido nas "Bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna" asinadas polas seccións sindicais e a Dirección da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, procédese a anunciar a apertura do prazo para participar no proceso de mobilidade no ámbito do CHUAC.

Poderán participar na convocatoria todos aqueles traballadores que reúnan los requisitos establecidos na base terceira.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes de participación presentaranse no modelo normalizado que se contempla no acordo. O prazo de presentación comezará ao día seguinte da publicación do anuncio correspondente no DOG e rematará o día 30 de setembro de 2012.

Os interesados deberán indicar na solicitude calquera das seguintes circunstancias:

- 1.- se ocupan praza por saúde laboral
- 2.- se pretenden participar no procedemento xeral
- 3.- se van optar a algunha praza correspondente a áreas específicas (xa que isto implica unha puntuación adicional)

Xunto coa solicitude presentarase a documentación acreditativa dos méritos alegados (certificacións de tempo traballado e formación)

IMPORTANTE.-

Mediante a presentación da solicitude estase a manifestar a intención de optar a algunha das prazas. Non é preciso indicar a praza que se desexa, xa que, co procedemento actual, a elección se realizará nun acto único por orde da puntuación acadada.

A listaxe de prazas propostas será publicada nun período mínimo dun mes de antelación ao acto de elección. O feito de presentar solicitude non compromete a participar na escolla de praza, se unha vez analizada a oferta das mesmas, non se consideran de interese para o solicitante.

Complejo Hospitalario Universitario
A Coruña